



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O DÍA XOVES 25 DE XANEIRO DE 2024.

Visto que o contrato de concesión de obra do parque eólico singular de Padrón, asinado con Fomento de Energías Renovables 2001 SA (FERSA) o 4 de febreiro do 2004, remata o seu prazo de duración o 4 de febreiro do 2024 e tendo en conta os importantes prexuízos que se causarían ao interese público si chegada esa data o servizo se paraliza ou interrompe.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e o Decreto número 475/2023, do 3 de xullo,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria e urxente da **Xunta de Goberno Local** para:

- ➔ Día: xoves 25 de xaneiro de 2024.
- ➔ Hora: 13:00.
- ➔ Lugar: Salón da Alcaldía da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O DÍA 25 DE XANEIRO DO 2024 ÁS 13:00 HORAS.
2. ORDE DE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PARQUE EÓLICO SINGULAR OBXECTO DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA ASINADO CON FOMENTO DE ENERGÍAS RENOVABLES 2001 SA (FERSA) O 4 DE FEBREIRO DO 2004.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón, no de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local poñendo á súa disposición no Portal de cargos electos accesible dende a sede electrónica do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal>) todos os asuntos incluídos na orde do día, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)